

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXP. 518/2020. APROBACIÓN DO BAREMO DE ADMISIÓN QUE REXIRÁ PARA O

“1º CAMPAMENTO URBANO CONCELLO DE FORCAREI”.

Elaboradas as bases que establecen o baremo de admisión que deberá rexir para o “1º CAMPAMENTO URBANO CONCELLO DE FORCAREI”, as que figuran no expediente tramitado ao efecto, e que se transcriben de seguido:

“BAREMO DE ADMISIÓN

“1º CAMPAMENTO URBANO CONCELLO DE FORCAREI”

APARTADO PRIMEIRO.

Situación laboral dos pais, nais ou representantes legais do/a menor

1.1. Os nenos/as cuxos pais, nais ou representantes legais se atopen nalgunha destas situacións: - Ambos pais, nais ou representantes legais do/a menor traballando a xornada parcial ou completa. - Familia monoparental co único proxenitor/a traballando a xornada parcial ou completa.	5 puntos
1.2. Situación laboral de desemprego de pais, nais ou representantes legais do/a menor	2 puntos
1.3. - Persoas que desenvolven e perciban o tramo de inserción (RISGA)	3 puntos

- En caso de familias monoparentais ou aquelas nas que o neno/a conviva con unha sola persoa proxenitora se lles adxudicará a puntuación do epígrafe correspondente computando por dous.
- Solo se poderá obter puntuación por un dos epígrafes anteriores.

APARTADO SEGUNDO.

Situación económica e familiar

2.1 Existencia de irmáns/ás admitidos no campamento	1 punto
2.2. Situación de familia numerosa	



- Categoría xeral	2 puntos
- Categoría especial.....	3 puntos
2.3. Menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situacións de acollemento familiar	2 puntos
2.4 Condición recoñecida de minusvalía (con un grado igual ou superior ao 33%) dos pais, nais ou dos representantes legais ou irmáns do neno/a	1 punto

APARTADO TERCEIRO.

Empadramento no Concello de Forcarei

3.1. Empadroados/a no Concello de Forcarei	3 puntos
3.2. Noutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia	1 punto

APARTADO CUARTO.

Situacións de especial vulnerabilidade

4.1. Por situacións socio-familiares, non especificadas neste baremo, pero acordadas e debidamente xustificadas polos Servicios Sociais municipais, que supoñan dificultades especiais para atender adecuadamente aos menores e que fagan especialmente necesaria a asistencia ao Campamento urbano	2 puntos
---	----------

APARTADO QUINTO.

Solución de desempate: Para a solución de desempates no resultado da aplicación deste baremo, terán prioridade, por esta orde:

1. Nenos/as de familias monoparentais e con ambos proxenitores traballando, priorizando os de xornada completa.
2. Nenos/as con irmáns admitidos no Campamento urbano.
3. Empadroados no Concello de Forcarei.
4. No caso de que o empate continuara resolverase por orde de inscrición.

APARTADO SEXTO.

Mínimo de asistentes para formar grupos

1. Para formar cada grupo deberá de haber un mínimo de 10 inscricións que demanden pertencer ao mesmo.
--

Visto que a competencia para a resolución do presente expediente está atribuída á Alcaldía



RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-las bases que establecen o baremo de admisión que deberá rexir para o "1º CAMPAMENTO URBANO CONCELLO DE FORCAREI", as que figuran no expediente tramitado ao efecto, e que se transcriben na parte expositiva da presente resolución.

Segundo.- Facer públicas as anteditas bases, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do mesmo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE

